




Global express

A actualidade na aula

Salvaranos Kioto?



*Houston,
tendes un
problema!!*



1. A quen dirixen a mensaxe os extraterrestres?
2. A que problema se refiren?

2. Ras




...”Os seres humanos – e os seus gobernos – acostuman reaccionar perante feitos, non perante procesos; perante Bhopais, Chernobís, invasións, mais non perante as longas historias que fan posible eses desastres. Os biólogos coñecen ese experimento no que se coloca unha ra nunha cubeta con auga moi quente. Esta, sensatamente, salta. Mais se se coloca a ra nunha cubeta de auga fría que vai quecendo aos poucos até chegar ao punto de ebulición, a ra permanecerá aí e, se non se intervéñ, coceráse viva porque a natureza non a dotou da capacidade de sentir pequenas gradacións de temperatura...”

GEORGE, Susan. O Búmerang da débeda, Deriva, col. Intermón, n.º 2, 1993, páx. 96-97

3. Todas e todos somos conscientes das advertencias que nos fan numerosos estudos: as nosas accións están a alterar o clima terrestre de forma acelerada e “non natural”. A pesar disto, continuamos sen rectificar, sen saltar. Por que nos comportamos como as ras?

4. Durante tres minutos, reflexiona se o teu comportamento con relación á mudanza climática é o das ras e por qué continúas con ese comportamento. Escríbeo individualmente.

- Despois, en cinco – dez minutos, pono en común con tres ou catro compañeiros da aula e elaborade un texto común.
- Finalmente, facede o mesmo co grupo aula.




FONTE: Ministerio do Medio Ambiente. Emisións carbono España.

Países máis contaminantes	Emisións de CO ₂ (miles de t.) ano 2002	Emisións per capita en t. Ano 2002
Alemaña	804.721	9'8
Arabia Saudita	340.555	15'0
Australia	356.342	18'3
Brasil	313.757	1'8
Canadá	517.157	16'5
China	3.513.103	2'7
España	304.603	7'3
Estados Unidos	5.844.042	20'2
Francia	368.315	6'2
India	1.220.926	1'2
Indonesia	306.491	1'4
Irán	360.223	5'3
Italia	433.018	7'5
Xapón	1.203.535	9'4
México	383.671	3'7
Reino Unido	543.633	9'2
R. de Corea	446.190	9'4
Sudáfrica	345.382	7'4
Ucraina	306.807	6'4

FONTE: United Nations Statistics Division
http://millenniumindicators.un.org/unsd/mi/mi_goals.asp

3. Formigas e elefantes



Unha das diversas consecuencias da mudanza climática é a suba do nivel do mar, provocado polo desxeo que se orixina co quecemento do planeta. Calcúlase que máis de 1.000 millóns de persoas viven ao nivel do mar. Sobre todo en países empobrecidos, sen recursos.

En Tuvalu, un dos 50 Países Menos Adiantados (PMA), comezan xa a sufrir ese fenómeno. Os seus 11.500 habitantes deberán abandonar o seu país (9 atois coralinos do Pacífico) xa que o mar está a inundalos. A altura máxima deste país é de 4'5 m. Solicitaron asilo en Australia ou Nova Celandia (dous dos países ricos), mais estes recusan acolellos.

FONTE: <http://www.periodistadigital.com/object.php?o=22268>



© www.tuvaluaislands.com/ Shuuchi Endou

(C) Shuuchi Endou



© Reuters/Stringer, cortesia de www.aler.net.org

Teburoro Tito, presidente de Kiribati (outro país no océano Pacífico) describe así a situación: somos “como unhas formigas que se abrigan nunha folla que flota nun charco onde os elefantes van beber e brincar. O problema non reside na conduta das formigas, senón en cómo establecer normas que obriguen os elefantes a seren máis respectuosos”

FONTE: Unha bomba de tempo, por Vandana Shiva en www.tierramerica.net/2002/0624/grandesplumas.shtml
Tamén hai información en <http://www.ifrc.org/sp/publicat/wdr2002/chapter4.asp>

Infórmansenos de que na actualidade hai 25 millóns de “refuxiados e desprazados ambientais ou ecolóxicos”. Isto é, que deberán abandonar o seu fogar por inundacións, secas, desertización...As previsións, nun futuro próximo, son dun aumento enorme, situando este problema como o principal deste século XXI.

FONTE: http://guiactual.guiadelmundo.org.uy/informes/informe_73.htm

5. Le demoradamente a descrición que fai Teburoro Tito e responde ás seguintes preguntas:

- Quen son as formigas e quen os elefantes?
- Que normas habería que establecer para que os elefantes “sexamos” máis respectuosos?
- Por que motivo teríamos de ser máis respectuosos?

4. Elefantes e raposos

Para que os “elefantes” sexamos máis respectuosos, os gobernantes acordaron o chamado **“Protocolo de Kioto”**. É un acordo para reducir as emisións de CO₂, o principal causante do efecto invernadoiro, e outros cinco gases (metano CH₄, óxido nítrico N₂O, hidrofluorcarbonados HFCs, perfluorcarbonados PFCs e hexafluoruro de xofre SF₆, por unha cantidade global do 5'2% a respecto do que se emitía en 1990, tendo que ser alcanzada entre 2008-2012.

Aínda que é unha redución claramente insuficiente (moitas organizacións ecoloxistas indican que para ser realmente efectiva debería ser do 60%), este acordo pode ser considerado como un paso positivo.

Os compromisos para cada un dos trinta e cinco países industrializados con obxectivos definidos son moi diferentes: algúns teñen que abordar fortes reducións, como Luxemburgo (-28%), Alemaña ou Dinamarca (-21%), moderadas como o Xapón (-6%), e outros poden aumentalas até certo límite, como España (+15%) ou Portugal (+27%)


Os EUA, causante do 36% das emisións, non ratificou o Protocolo de Kioto.

España emitiu en 2004 o 45% máis que en 1990, isto é, o triplo do que debería emitir dentro de tres anos, cando comece o período de cumprimento.


As grandes empresas que controlan o mercado dos combustibles fósiles (petróleo, carbón e gas natural) teñen tanto poder que non só influíron para que as reducións sexan o máis baixas posibles, senón que ademais forzaron para que se establezan uns mecanismos facilitadores que lles sexan favorables.

Entre eles destacan:

- Mecanismo de Desenvolvemento Limpo (MDL): Cooperación entre países Norte-Sur na colocación en funcionamento de proxectos pouco contaminantes. Os países do Norte benefician dun plus de dereito a contaminar.
- Aplicación conxunta (AC): O mesmo mais entre países do Norte, sobre todo na ex Unión Soviética.
- Comercio de "dereitos de emisións": Se un país contamina menos do que lle está permitido, pode vender a outro país o seu dereito a contaminar.
- Reforestar: Os bosques son considerados como sumidoiros de carbono (as árbores absorben CO₂). Quen reforeste terá unha cota máis ampla de emisión xa que se lle resta o que absorbe o plantado.



6. Unha vez lidas as informacións e observadas as fotografías, podedes discutir entre todos e todas a resposta ás seguintes preguntas:
Quen son os elefantes e quen os raposos?
Por que?



FONTE: NASA. A Terra e a súa iluminación eléctrica durante a noite.

5. Persoas



As persoas diferenciamonos das ras, das formigas, dos elefantes... en que podemos razoar, isto é, calcular, analizar, prever, as consecuencias de futuras accións que vaíamos realizar ou realizalas precisamente para obter uns resultados procurados.

Imaxinación

7. Lede en grupo o seguinte exercicio. Despois, deberedes responder as preguntas entre todos e todas:

Goberno A dun país industrializado do Norte enriquecido, que asinou o protocolo de Kioto, decidiu, para cumprir o seu compromiso internacional, o seguinte:

- a. Manter os combustibles fósiles como principais fontes de enerxía, sen estimular nin favorecer a progresiva substitución de fontes enerxéticas renovables..
- b. Continuar a aumentar o consumo enerxético e non colocar obstáculos ás empresas (marcharían do país) nin á poboación (protestaría e non os votarían),
- c. Mellorar as estradas para facilitar o transporte de mercadorías das empresas e o individual da poboación.
- d. Facer por non ver nas esixencias de eficiencia enerxética de edificios e de electrodomésticos. Hai que favorecer o consumo para que a economía creza.
- e. Dar un grande empréstimo con xuros non moi altos a un país do Sur empobrecido para plantar millares de hectáreas de eucaliptos co compromiso de que a madeira será utilizada por unha empresa do país doador para facer papel.
- f. Comprar “dereitos de emisións” no mercado internacional.

Goberno B dun país industrializado do Norte enriquecido, que asinou o protocolo de Kioto, decidiu, para cumprir o seu compromiso internacional, o seguinte:

- a. Aumentar os impostos para os combustibles fósiles e desgravar ás empresas e ás persoas que substitúen progresivamente as fontes de enerxía non renovables por fontes renovables.
- b. Pór límites ao consumo enerxético das empresas e da poboación, multando os excesos.
- c. Mellorar a planificación urbana e o transporte público. Aumentar os impostos aos vehículos en relación ao seu consumo de combustibles.
- d. Impor uns mínimos de eficiencia enerxética, tanto para a construción de novos edificios como para os electrodomésticos que poden ser adquiridos no país.
- e. Dar un grande empréstimo con xuros moi baixos, a un país do Sur empobrecido para reforestar con árbores autóctonas zonas que foran deforestadas por empresas do país doador.
- f. Vender “dereitos de emisións” no mercado internacional.



Quen gaña e quen perde en cada decisión do Goberno A?

E do Goberno B?

Cal é o goberno que se asemella máis á nosa realidade actual? Por que?

Cal destes dous gobernos che gustaría máis a ti? Por que?

Realidade

8. Divide a aula en grupos. Uns facede de cidadás e cidadáns actualmente mal comunicados (pode que para algúns de vós iso sexa realmente así). Outros facede de ecoloxistas que opinan que o PEIT nos afasta de Kioto. Establecede un diálogo e tentade chegar a acordos. Esta noticia pode axudarvos.

O Plano Estratéxico de Infraestruturas e Transporte afastará aínda máis España de Kioto

Entre as actuacións propostas en estradas, o PEIT quere completar a rede de alta capacidade, corrixindo a radialidade e procurando un sistema de malla. A rede estatal de estradas conta na actualidade con 25.000 Km, dos que 7.000 son autovías e 2.000 autoestradas de peaxe. A isto habería que sumar 2.200 Km máis de autovías autonómicas.

A idea é construír 5.600 Km novos de alta capacidade e chegar a unir todas as capitais de provincia por autovía. En última instancia, preténdese que o 94% da poboación estea a menos de 30 Km dun eixo de alta capacidade.

FONTE:

Noticia sobre o rexeitamento do PEIT por Amigos da Terra, Ecoloxistas en Acción, Greenpeace, SEO/BirdLife e WWF/Adena, en www.rebellion.org/noticia.php?id=12928

Chuvia de ideas

9. A que accións nos podemos comprometer para reducir as emisións de carbono

- desde a aula
- desde o centro escolar
- individualmente
- desde a casa
- desde o barrio ou a vila
- desde a cidade
- desde a nosa Comunidade Autónoma
- desde todo o Estado?

As accións individuais son útiles mas non poñen o dedo na ferida. O problema da mudanza climática é, en último termo, político, e política debe ser a resposta. Política no sentido de que afecta a organización social e a capacidade de decidir. Ten que ver, co modelo de desenvolvemento, de modo que, se as mudanzas non se orientan nesta dirección, é difícil que mude o fondo da cuestión.

Seguro que no teu barrio, cidade ou vila hai organizacións, grupos ou persoas que están implicados en iniciativas neste sentido. Procura información sobre eles.